CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Expediente administrativo núm. 2026/X998/000230
Asunto: servizos de tempada no litoral de Galicia para 2027

B A N D O

Co fin de dar información aos interesados/as en solicitar os servizos de tempada estival (instalacións, actividades e servizos) no dominio público marítimo terreste (DPMT), para o ano 2027:

- Establecementos expendedores de comidas e bebidas; terrazas.
- Instalacións de aluguer de equipamentos de praia: hamacas, "sombrillas", hidropedales, canoas, entre outros.

INFORMO

Que por Decreto 50/2025, de 30 de xuño a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e os servizos traspasados pola Administración Xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do Litoral (Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada lo litoral de Galicia).

Que con data 30/09/2026 se publicou no DOG núm. 186 o correspondente anuncio sobre os prazos relativos aos servizos de tempada na zona de DPMT do litoral de Galicia, para o ano 2027.

Que a tempada abrangue dendo o inicio da Semana Santa (venres anterior ao venres Santo) ata o 31 de outubro de cada ano natural. En consecuencia, a tempada correspondente ao ano 2027 comprenderá dende o 19/03/2027 ata o 31/10/2027, ambos incluídos.

Que o prazo de presentación de solicitudes comezará o 16/11/2026 e finalizará o 31/12/2026 e realizarase preferentemente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, código procedemento MT701A.

Casos especiais, deberán solicitarse cunha antelación mínima dun mes, respecto á data prevista da súa celebración, en calquera época do ano:

- Os servizos de formación e ensinanza de actividades deportivas ou recreativas vinculada ao uso e disfrute do DPMT (p.ex. escolas surf, padle surf, kayak ...)
- As terrazas situadas nos tramos urbanos, en beirarúas e paseos marítimos, que estén vinculadas a establecementos fora do DPMT.
- Eventos, espectáculos públicos e actividades turísticas, recreativas ou deportivas,

Na zona de servidume de protección se cumpren co estipulado no art. 26 do Decreto 97/2019.

Nos tramos urbanos das praias poderán celebrarse eventos de interese xeral con repercusión turística e no resto do DPMT poderán celebrarse eventos, actividades, xornadas, competicións ou campeonatos cunha duración máxima de 15 días (cando non se poda ter outra localización)

A autorización que outorgue a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en ningún caso exime da obrigatoriedade de obter, con carácter previo ao montaxe das instalacións ou á iniciación da actividade, cantos títulos ou licenzas se precisen doutros organismos ou administracions públicas competentes, ou no seu caso, de cumprimentar os trámites por eles establecidos para outras modalidades de intervención e control.

Para poder consultar que documentación é precisa presentar coa solicitude, ou as condicións da ocupación ou o canón para o ano 2027, ou outra información de interese, poderán consultar o anuncio antes sinalado e/ou a normativa de referencia e/ou dirixirse ás oficinas dos seguintes organismos:

- Concello de Laxe, Av. Cesáreo Pondal, núm. 26 - Laxe (A Coruña), telf. 981 70 69 03
- Servizo do Litoral da Coruña – telf. 881 881 018 / 981 184 716 – litoral.medio-ambiente.coruna@xunta.gal

Tamén poderán realizar as consultas a través do teléfono de información da Xunta de Galicia: 012

documento asinado dixitalmente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Eh0IIPGjmiPdv2qxWrXX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/